

Ola mozos/-as de novo:

Pois parece que hai cambio de plans. Non podemos continuar coa temporalización prevista nin cos propósitos que tiñamos. Hai que facer borrón e conta nova.

A Consellería de Educación, a través dunhas intrucións ao respecto, indícanos que no período que queda de 3ª avaliación debemos dedicalo a **desenvolver actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte da clase.**

Polo tanto enviarei outra temporalización, adaptada ás novas normas, e que contemple os temas das diferentes asignaturas impartidos ata o momento da suspensión das clases presenciais.

A miña intención é facer un repaso dos contidos dados, realizando un reforzo e/ou ampliación dos mesmos. En canto ás tarefas/traballos a entregar estou contemplando a posibilidade de que mos envidedes vía e-mail ou a través das plataformas das editoriais. Hai que valorar a comenencia dun e doutro métodos.

A idea non é realizar todos e cada un dos exercicios dos temas, senón realizar as tarefas máis significativas e importantes, traballando as competencias básicas. Así mesmo, seguiredes recibindo fundamentalmente vía WEB do centro as informacións de grupo básicas.

A metodoloxía será similar, aínda que son temas dados, e seguiremos incidindo nos contidos máis salientables das unidades. Recibiredes un solucionario para contrastar, a posteriori, o traballo que ides realizando e preguntaredes aquelas dúbidas ou aspectos que non teñades claros, Segue en vigor o mesmo e-mail e Skipe. Rogo que no e-mail me poñades un teléfono operativo ao cal poida chamarvos. Tamén agradecería que avisarades, se coñecedes algún caso, a algunha familia que poidera estar "despistada".

Sinto marearvos con estes frecuentes cambios, pero estamos nun momento de adaptación a métodos e a instrucións recentes.

Finalmente, desexarvos sorte e que vos pase axiña o tempo.

O titor.